

Instrucións do 27 de abril de 2020

**Adaptación das programacións
didácticas para o curso 2019-2020
(Covid-19)**

*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico
2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*



Índice

1.	Xustificación.....	3
2.	Obxectivos xerais das ensinanzas musicais	4
2.1	Grao elemental.....	4
2.2	Grao profesional.....	5
3.	Criterios de avaliación e mínimos esixibles	7
4.	Avaliación e cualificación	8
4.1	Procedementos e instrumentos de avaliación.....	8
4.2	Criterios de cualificación.....	8
4.3	Avaliación do terceiro trimestre.....	10
	O traballo do terceiro trimestre para a avaliación e cualificación	10
	A avaliación dos reforzos e da materia na que se avanza.....	10
4.4	Proba extraordinaria de setembro.....	11
4.5	Alumnado con materia pendente	11
5.	Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	12
5.1	Actividades	12
	Probas e/ou traballos para o alumnado	12
	Materia do terceiro trimestre	12
5.2	Metodoloxía didáctica.....	12
6.	Información e publicidade.....	13



1. Xustificación

O presente documento foi elaborado en función da Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, *“pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021”*, así como das Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa *“para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia”*.

Este documento inclúe, ademais dun recordatorio dos obxectivos xerais das ensinanzas musicais, os criterios de avaliación e mínimos esixibles, a avaliación e cualificación (cos seus procedementos e instrumentos de avaliación, criterios, avaliación do terceiro trimestre, proba extraordinaria de setembro, alumnado con materia pendente), a metodoloxía e actividades do 3º trimestre do curso 2019-2020 (actividades e metodoloxía didáctica) e , por último, a información e publicidade que se lles outorgará a estas adecuacións e/ou aclimatación das programacións.

Entendemos, polo tanto, esta adaptación como un instrumento flexible que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado neste proceso de confinamento pero, ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza, garantizando que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.



2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

2.1 Grao elemental

O artigo 2º do capítulo I do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, indica que a finalidade deste grao é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Esta finalidade acadaríase coa consecución dos obxectivos ou capacidades ao longo dos catro cursos dos que consta o grao elemental e que o artigo 3º do capítulo I do mesmo Decreto enumera:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.



h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2.2 Grao profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.

Analizar e valorar a calidade da música.

Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

cmus **vigo**
Conservatorio Profesional de Música

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n

36209 Vigo

Tfno: 986213395 Fax: 986206131

cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es

<http://cmusvigo.gal>

Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.



3. Criterios de avaliación e mínimos esixibles

Os referentes para a avaliación do alumnado en cada curso e materia serán os criterios de avaliación e, en concreto, os mínimos esixibles reflectidos nas respectivas programacións didácticas de todas as especialidades, materias e cursos do Conservatorio Profesional de Música de Vigo. Estes últimos considéranse como elementos do currículo imprescindibles que o alumnado debe desenvolver e servirán ademais de referente para o deseño das actividades durante o terceiro trimestre.

Nos casos en que os mínimos esixibles determinen unha cuantificación de obras ou estudos a preparar polo alumnado ao longo do curso considerase como mínimo a consecución de 2/3 do repertorio establecido.



4. Avaliación e cualificación

Referente a estes aspectos, os apartados 6.9 e 7.3 das directrices xerais incluídas nas instrucións citadas indican que *“a avaliación e a cualificación se realizarán tanto sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación levadas a cabo durante o período de confinamento, mantendo o carácter continuo da mesma”* (apartado 7.2).

4.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos de avaliación de cada materia estarán baseados na metodoloxía que o profesorado está a seguir, e en xeral serán:

Procedemento	Medio
Observación directa	Actividade lectiva a través de vídeo chamadas, ou en diferido se é por medio de gravacións de audio ou vídeo.
Revisión e análise	Tarefas pautadas e solicitadas polo profesorado

Os instrumentos de avaliación serán os indicados en cada programación didáctica das respectivas materias: (diario do profesor, probas específicas de avaliación, rúbricas, etc.).

4.2 Criterios de cualificación

O punto 8.6 do apartado específico para as nosas ensinanzas das citadas instrucións reitera que *“a avaliación de cada materia se realizará, tendo en conta o seu carácter continuo, en función das avaliacións previas e dos datos obtidos polo profesorado das actividades desenvolvidas polo alumno ao longo do seu proceso de aprendizaxe, sen minorar as súas cualificacións anteriores”*.

Para elo respectaranse os criterios de cualificación indicados nas programacións



didácticas tendo en conta que, naqueles casos nos que para as materias de corte instrumental se indique un tanto por cento do peso da nota pertencente á audición pública, o profesorado poderá realizar unha proba específica e asignarllou pasar esta porcentaxe ao traballo diario ou de aula.

Para dita proba específica empregárase, para a cualificación, a ficha de ponderación dos diferentes aspectos a avaliar durante a interpretación (“folla de calibración”) presente en cada unha das programacións didácticas das diferentes especialidades, e que se adxunta a continuación como exemplo para as instrumentais:

Indicadores	Porcentaxe	Nota
Hábito postural e control da respiración	20%	
Adecuación á partitura	20%	
Calidade do son e/ou afinación	20%	
Interpretación	25%	
Actitude	15%	

Por outra banda, aquel alumnado dunha materia para o cal non se dispoña de suficientes datos obxectivos para a súa avaliación e cualificación, tanto deste trimestre como dos dous anteriores, será convocado para a realización dunha proba a través das canles que o profesorado empregue actualmente para a comunicación co alumnado, ademais de empregar en todos os casos o correo oficial edu.xunta.gal.



4.3 Avaliación do terceiro trimestre

O traballo do terceiro trimestre para a avaliación e cualificación

O traballo feito no terceiro trimestre non será avaliado do mesmo xeito que a avaliación presencial do primeiro e segundo trimestre, segundo o especificado con anterioridade. O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.

As materias non superadas da primeira e/ou da segunda avaliación poderán recuperarse co traballo e as probas que se poidan facer durante o terceiro trimestre.

A avaliación dos reforzos e da materia na que se avanza

Pode avaliarse a materia na que se avanza, pero unicamente para favorecer a cualificación final do alumnado. Nunca se poderá minorar a cualificación obtida polo alumnado na primeira e na segunda avaliación.



4.4 Proba extraordinaria de setembro

Atendendo ás indicacións do punto 8.15 das instrucións, o profesorado da materia correspondente elaborará un informe no que se especificarán aqueles obxectivos e contidos que non se acadaron, así como unha proposta para a recuperación da materia.

Tanto os procedementos e instrumentos de avaliación como os criterios de cualificación serán os reflectidos nas respectivas programacións didácticas.

En caso de avaliación negativa a recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica instrumental ou vocal levarase a cabo na clase do curso seguinte tal e como indica o punto 8.10 das citadas instrucións.

4.5 Alumnado con materia pendente

Para este alumnado serán igualmente de aplicación a totalidade dos requisitos detallados nos puntos anteriores referentes aos procedementos e ferramentas de avaliación e criterios de cualificación.



5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

5.1 Actividades

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación tal e como se indica no punto 6.2 das disposicións xerais das instrucións, coa finalidade de atender a diversidade do noso alumnado.

Probas e/ou traballos para o alumnado

O traballo no terceiro trimestre estará enfocado principalmente ao repaso, reforzo e recuperación e adaptado en función de curso e/ou materia, tendo en conta a situación de cada alumno ou alumna coa fin de non sobrecargalos de tarefas excesivas. Pódense combinar traballos individuais ou en equipo, especificamente da materia ou interdisciplinares, etc, coas probas que se estimen procedentes para a valoración do traballo realizado.

Materia do terceiro trimestre

Pode entrar materia nova, pero sempre para favorecer o progreso na aprendizaxe. Esta materia non se avaliará de xeito independente para facer “media” coas cualificacións anteriores. Servirá para mellorar a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación tendo presente, en todo momento, o carácter continuo da avaliación.

5.2 Metodoloxía didáctica

O profesorado adaptará a súa metodoloxía e os recursos ás distintas necesidades e posibilidades do alumnado e poderá ser levada a cabo de múltiples maneiras: vídeo chamada, revisión de gravacións de audio e/ou vídeo, correo electrónico, blogs, etc., prestando especial atención a identificar a aqueles descoñectados ou de difícil localización por diversas circunstancias para tratar de recuperar o vínculo escolar.



6. Información e publicidade

Actores	Medio
Profesorado	Comunicación ás familias dende o correo oficial
Equipo directivo	Páxina web do Centro Taboleiro de anuncios do Centro
Xefatura de estudos	Aplicación Centros-net (APP)